



Exp 331, 333 ID 118 331

CONSELLERIA DE AGRICULTURA, GANDERIA E MONTES

Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común

Edificio Administrativo de Servicios Múltiples - Monelos - A CORUÑA - Tfños. 18 59 02 - 18 59 03

XUNTA DE GALICIA	
DELEGACION DE MEDIO AMBIENTE	
A CORUÑA	
- 6 FEB 1998	
ENTRADA N.º	927
SAIDA N.º	

Sr. Alcalde Presidente do
Concello
A Picota, s/n
15256-MAZARICOS

Aos efectos oportunos comunícolle a resolución dos expedientes de calificación nº 331 e 333, do monte "De Colúns", parroquia de Colúns, concello de Mazaricos, segundo o acordo deste Xurado na súa reunión de data 5 de decembro de 1997:

"Reunido na data 5 de decembro de 1997 o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común da Coruña, baixo a Presidencia do Ilmo. Sr. Delegado da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, D. Rogelio Aramburu Núñez, coa asistencia do Vicepresidente Ilmo. Sr. D. Angel Barrallo Sánchez, Maxistrado da Audiencia Provincial da Coruña, os Vocais, D. Andrés López-Suevos Fernández, Xefe do Servicio de Montes e I.F., D. Alfonso Vázquez-Castro Garma, Letrado do Gabinete Xurídico Territorial da Xunta, D. Juan Ramón Beneyto Bellas, representante do Colexio de Avogados da Coruña, D. José Manuel Caramés Franco, representante das Comunidades Veciñais de Montes en Man Común, e do Secretario D. Manuel Puente Araújo, Letrado da citada Delegación, para estudar e resolve-lo

Expdtes.: 331 e 333 acumulados
Monte: De Colúns
Lugares: Parroquia de Colúns
Concello: Mazaricos

ANTECEDENTES DE FEITO:

1º. Diversos veciños dos lugares de Cives de Arriba, Cives de Abaixo, Sande e Mundín, parroquia de S. Salvador de Colúns, concello de Mazaricos, solicitaron con data 07/06/1995 deste Xurado, a declaración como veciñal do expresado lugar, de parte do monte Ruña. Con data 18/07/1995, diversos veciños do lugar de Vilarcobo solicitaron igualmente a calificación de parte do citado monte. A totalidade do monte do que se pretende a calificación ten as seguintes características:

Superficie: 679 Ha.
Líndeiros:

Procede do monte Ruña, nº 103-K do C.U.P.

Parcela I. Cunha superficie de 64 Ha.

NORTE: Desde o piquete nº 839 do deslindamento, no denominado Rego de Ganso, en liña recta ata o punto denominado Fonte das Carballosas, e déste en liña recta ata o piquete nº 700 do deslindamento, no denominado Lombo de Genlle, co resto do monte Ruña. LESTE: Do piquete nº 700 ao 776 seguindo a orde de piquetes, con propiedades particulares dos lugares de Cives de Arriba e Cives de Abaixo. SUR: Do piquete nº 776 ao 787 seguindo a orde de piquetes, con propiedades particulares dos lugares de Cives de Arriba e Cives de Abaixo. OESTE: Do piquete nº 787 ao 839 seguindo a orde de piquetes, con propiedades particulares dos lugares de Monteagudo e Cives.

Parcela II. Superficie de 615 Ha.

NORTE: Do piquete nº D-18 situado no muro do enclavado D, coñecido como Prado de Félix, segue restos de muro pasando polo Petón de Campelo e Prado do Anselmo ata o punto denominado Cruz da Basteira, segue a pista ata o punto coñecido como Pedras Petonco, e restos de muro ata o piquete nº 885, no paraxe coñecido como Prado da Torre, lindando co resto do monte Ruña. Do piquete nº 885 ao 890 segue a orde de piquetes, lindando con propiedades particulares do lugar de Monteagudo. LESTE: Desde o piquete nº 890 ao 1.525 seguindo a orde de piquetes, con propiedades particulares dos lugares de Monteagudo, Cives, Sande, Mundín e Pontenova. SUR: Desde o piquete nº 1.525 ao 1.529 seguindo a orde de piquetes, co monte "Pedregal e Ruña", da parroquia de Arcos. OESTE: Desde o piquete nº 1.529 ao 1.539, déste ao 1 e déste último ao 3, seguindo a orde de piquetes, co monte "Pedregal e Ruña" da parroquia de Arcos. Do piquete nº 3 ao nº 135 seguindo a orde de piquetes, con propiedades particulares de veciños de Vilarcovo. Do piquete nº 135 en liña recta ata o D-10, no muro do enclavado D coñecido como Prado de Félix, con máis monte Ruña.

20. A vista de tales solicitudes, o Xurado, na súa reunión de 26/02/1996, acordou inicia-los oportunos expedientes, nomeándose como Instructores dos mesmos a D. Federico Sánchez Rodríguez, substituído por D. Andrés López-Suevos Fernández, e D. Ramón Olano Calleja, substituído por D. Alfonso Vázquez-Castro Garma. Ambos aceptaron expresamente dito cargo. Procedeuse á tramitación de



CONSELLERIA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES

Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común

Edificio Administrativo de Servicios Múltiples - Monelos - A CORUÑA - Tfnos. 18 59 02 - 18 59 03

ámbolos expedientes, librándose mandamento para a anotación preventiva no Rexistro da Propiedade de Muros, oíndose a tódalas persoas, Organismos e Corporacións interesadas, expedíndose mandamentos a tal fin dirixidos ao Sr. Alcalde Presidente do Concello de Mazaricos, ao Xefe do Servicio de Montes e I.F., e publicándose edictos no D.O.G. (nº 197 de 08/10/1996).

3º. Os veciños de Cives de Arriba, Cives de Abaixo, Sande, Mundín e Vilarcobo fundamentan as súas respectivas peticións perante o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común no aproveitamento desde tempos inmemoriais de forma consuetudinaria en réxime de comunidade e sin asignación de cotas, segundo os usos e costumes, do monte correspondiente a dito lugar. Presentan acta de manifestacións ante notario na que os maiores do lugar declaran tal condición, así como escrituras antigas nas que xa aparecen referencias á existencia de tal monte veciñal.

A petición dos veciños de Cives é informada favorablemente polo acordo do Pleno do Concello de Mazaricos de data 16/08/1994.

4º. Ante os citados expedientes preséntanse sendas alegacións por parte de D. José Gesto Lado e outros veciños de diversos lugares da parroquia de Colúns, nas que reclaman que parte dos montes dos que se solicita a calificación son parroquiais, tendo dereito ao seu aproveitamento non só os peticionarios, senon os veciños de tódolos lugares da parroquia. Aportan certificación de inscrición do monte Ruña no Rexistro da Propiedade.

5º. Por parte de D. Antonio Lago preséntase unha alegación, solicitando se excluía da calificación unha finca, a cal ten inscrita no Rexistro da Propiedade. Presenta copia de escritura de compraventa, constando a inscrición en dito Rexistro.

6º. Por motivo das alegacións dos veciños de Colúns, o Concello de Mazaricos solicita do Xurado sucesivas prórrogas na resolución do expediente, para tratar de que os veciños interesados no mesmo cheguen a un acordo para a calificación do monte. No trámite de audiencia da reunión de data 27/06/1997, a petición dos veciños de Colúns á que

CONSELLERIA DE AGRICULTURA, GANDERIA E MONTES

Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común

Edificio Administrativo de Servicios Múltiples - Monelos - A CORUÑA - Tfños. 18 59 02 - 18 59 03

se suman tódalas partes, o Xurado acorda conceder un novo prazo improrrogable de tres meses para que os interesados nos citados expedientes poideran chegar a un acordo. Transcurrido dito prazo, non se recibíu comunicación algunha ó respecto.

7º. Na tramitación das presentes actuacións cumpríronse as formalidades legais e regulamentarias, esixidas principalmente pola Lei 13/89, de 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común, e o seu Regulamento de aplicación aprobado polo Decreto 260/92, de 4 de setembro, ambos da Comunidade Autónoma de Galicia, Lei de Procedemento Administrativo e demais disposicións aplicables no caso.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:



1º. O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común da Coruña ten xurisdicción e competencia para coñecer do presente expediente en virtude do disposto nos artgs. 9 e 10 da Lei da Comunidade Autónoma de Galicia 13/89 de 10 de outubro de Montes Veciñais en Man Común.

2º. En conformidade co contido do art. 11 da citada Lei e 1º do Regulamento, aprobado polo Decreto 260/92, de 4 de setembro, os veciños de Cives de Arriba, Cives de Abaixo, Sande, Mundín e Vilarcobo, da parroquia de Colúns, concello de Mazaricos, son parte lexítima para solicita-la iniciación do presente expediente de calificación.

3º. A vista dos dereitos alegados por D. Antonio Lago, o Xurado estima que o formulado é cuestión relativa ao dominio da citada finca, da competencia dos tribunais da xurisdicción ordinaria, a substanciar polos trámites do xuízo declarativo ordinario que corresponda, polo que non procede outra decisión que a exclusión da citada finca, da cal se verifica a inscrición rexistral.

Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común

Edificio Administrativo de Servicios Múltiples - Monelos - A CORUÑA - Tfnos. 18 59 02 - 18 59 03

4º. Para a súa calificación como veciñal en man común, o monte debe reunir as seguintes características: 1) Pertenza a agrupacións de veciños na súa calidade de grupos sociais, non como entidades administrativas; 2) Se aproveite consuetudinariamente en réxime de comunidade, sin asignación de cotas polos membros de cada agrupación na súa condición de veciños comuneiros; 3) Que os veciños comuneiros residan habitualmente con "casa aberta" dentro da área xeográfica sobre a que se asenta o grupo social que tradicionalmente aproveitou o monte (artgs. 1, 2 e 3 da Lei 13/89 e 1, 2 e 3 do Regulamento de 4 de setembro de 1992).

5º. Das actuacións obrantes en ambos expedientes, e en especial da comprobación do que se expresa no punto anterior, considérase acreditada a natureza veciñal en man común de dito monte.



En relación á pertenza do mesmo, o Xurado, á vista da documentación aportada a ambos expedientes, onde ningunha das partes acredita os aproveitamentos en exclusividade, e unha vez transcurrido o prazo descrito no antecedente 6º sen que se chegara a un acordo, decide a acumulación dos mesmos, así como a agrupación dos montes solicitados conforme a descrición feita no antecedente 1º, atribuíndo a pertenza do mesmo á parroquia de Colúns, ao ser un monte de titularidade pública, inscrito no Rexistro da Propiedade a favor do Concello de Mazaricos, e de pertenza dos veciños de dita parroquia. Inscripción que ten o seu antecedente no correspondente expediente de deslindamento do monte público.

Por iso, éste Xurado, á vista dos antecedentes e fundamentos de Dereito expostos, nesta data,

ACORDA calificar como Monte Veciñal en Man Común da Comunidade Veciñal da parroquia de Colúns, concello de Mazaricos, o denominado Monte "De Colúns", cos lindeiros, superficie e características que figuran no primeiro antecedente, excluindo de tal calificación a finca sobre a que formulou alegación D. Antonio Lago. Asimesmo se acorda excluí-lo declarado do Inventario de Bens do Concello e do Catálogo dos de Utilidade Pública, se neles estivera inscrito, incluíndolo no Rexistro de Montes Veciñais en Man Común que figura na Delegación de Agricultura, Gandería e Montes da Coruña.



CONSELLERIA DE AGRICULTURA, GANDERIA E MONTES

Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común

Edificio Administrativo de Servicios Múltiples - Monelos - A CORUÑA - Tfnos. 18 59 02 - 18 59 03

Contra a presente Resolución poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo DOUS MESES perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, contados a partir do momento de recepción da presente, segundo a ata agora vixente Lei de procedemento administrativo.

A Coruña, 5 de decembro de 1997

VO e Pr.
O PRESIDENTE DO XURADO,

Asdo. Rogelio Aramburu Núñez

O SECRETARIO DO XURADO,

Manuel Fuente Araújo





CONSELLERIA DE INDUSTRIA E COMERCIO

DELEGACION PROVINCIAL

Edificio Administrativo - Monelos, s/n. - 15071 A CORUÑA

A Coruña, 10 de agosto del 2000

N/R: JAGG/MIG

Expropiación

Expdte.: 4/2000

Finca núm. : 1

AYUNTAMIENTO DE MAZARICOS

A/A: Sr. ALCALDE

Picota, s/n

15256 Mazaricos

Asunto: Anuncio de información pública, referente a la solicitud de declaración de Utilidad Pública del Parque Eólico de Currás (Expdte. núm. 4/2000), en el término municipal de Mazaricos.

NOTIFICACIÓN INDIVIDUAL

Formulada por la entidad "EuroVento S.L. Unipersonal", con domicilio social en la c/ Varsovia, núm. 4-C, 5ª planta, Área Central, Fontiñas 15707 Santiago de Compostela, en concepto de entidad promotora, la solicitud para la declaración de Utilidad Pública del proyecto de referencia que, según lo dispuesto en el artículo 54 de la Ley 54/1997 de 27 de noviembre, del Sector Eléctrico, y 18 del Decreto 205/1995 de 6 de julio por el que se regula el aprovechamiento de la energía eólica en la Comunidad Autónoma de Galicia, conllevará la necesidad de ocupación de los bienes o adquisición de los derechos afectados e implicará la urgente ocupación a los efectos del artículo 52 de la Ley de Expropiación Forzosa, se le notifica que la finca señalada con el nº 1, Ref. Catastral Pol. 57 Parc. 47, del plano general y plano de detalle nº 37 contenido en el *Proyecto de Ejecución del Parque Eólico de Currás*, así como en la relación detallada contenida en el *Anexo Relación de Propietarios, Bienes y Derechos Afectados*, finca que se encuentra situada en el municipio de **MAZARICOS**, en el lugar y paraje denominado **MONTE RUÑA DE COLUNS**, y que resulta afectada en expropiación de la siguiente forma: **2.184 m² en expropiación de plena propiedad** (196 m² para cimentación, 1500 m² para vial, 488 m² para plataforma); **400 m² afectados por servidumbre de paso eléctrico subterráneo**; **4.000 m² afectados por la servidumbre de vuelo para la pala del aerogenerador**, y finalmente **16.063 m² afectados como consecuencia de las obras necesarias para la instalación del parque eólico en concepto de ocupación temporal durante un (1) año para la realización de las obras.**

Asimismo se le informa que dentro del plazo de TREINTA DIAS hábiles contados a partir del siguiente al de esta notificación, podrá, por gestión directa ante la entidad beneficiaria o en esta Delegación Provincial, examinar el expediente y aportar por escrito ante esta Delegación Provincial, los datos oportunos para rectificar posibles errores en la relación de fincas, propietarios, bienes y derechos que se afectan, establecida por la empresa promotora, así como formular las alegaciones que se estimen pertinentes por razones de lo dispuesto en la mencionada Ley 54/1.997 y en los artículos 25 y 26 del Decreto 2619/1966 por el que se aprueba el Reglamento de la Ley 10/1966, de 18 de marzo, sobre Expropiación Forzosa y Sanciones en materia de Instalaciones Eléctricas, de aplicación tras

A Coruña, 10 de agosto del 2000

El Delegado Provincial de Industria en funciones

Fdo./Manuel Estévez Mengot




XUNTA DE GALICIA		SI
CONSELLERIA DE INDUSTRIA E COMERCIO		SC
Delegación Provincial		ST
A CORUÑA		S1ª
		S2ª
		S3ª
		S4ª
		S5ª
REXISTRO XERAL		
ENTRADA		
SAIDA		

五二四

SUPERFICIE TOTAL	1.044.35 Has.
- ENCLAVADOS	28.61 -
- PUBLICA	1.015.74 -

KUMKUM - PARTICLES
of Camphor dissolved in
of White Benzoin oil



12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49	50	51	52	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64	65	66	67	68	69	70	71	72	73	74	75	76	77	78	79	80	81	82	83	84	85	86	87	88	89	90	91	92	93	94	95	96	97	98	99	100	101	102	103	104	105	106	107	108	109	110	111	112	113	114	115	116	117	118	119	120	121	122	123	124	125	126	127	128	129	130	131	132	133	134	135	136	137	138	139	140	141	142	143	144	145	146	147	148	149	150	151	152	153	154	155	156	157	158	159	160	161	162	163	164	165	166	167	168	169	170	171	172	173	174	175	176	177	178	179	180	181	182	183	184	185	186	187	188	189	190	191	192	193	194	195	196	197	198	199	200	201	202	203	204	205	206	207	208	209	210	211	212	213	214	215	216	217	218	219	220	221	222	223	224	225	226	227	228	229	230	231	232	233	234	235	236	237	238	239	240	241	242	243	244	245	246	247	248	249	250	251	252	253	254	255	256	257	258	259	260	261	262	263	264	265	266	267	268	269	270	271	272	273	274	275	276	277	278	279	280	281	282	283	284	285	286	287	288	289	290	291	292	293	294	295	296	297	298	299	300	301	302	303	304	305	306	307	308	309	310	311	312	313	314	315	316	317	318	319	320	321	322	323	324	325	326	327	328	329	330	331	332	333	334	335	336	337	338	339	340	341	342	343	344	345	346	347	348	349	350	351	352	353	354	355	356	357	358	359	360	361	362	363	364	365	366	367	368	369	370	371	372	373	374	375	376	377	378	379	380	381	382	383	384	385	386	387	388	389	390	391	392	393	394	395	396	397	398	399	400	401	402	403	404	405	406	407	408	409	410	411	412	413	414	415	416	417	418	419	420	421	422	423	424	425	426	427	428	429	430	431	432	433	434	435	436	437	438	439	440	441	442	443	444	445	446	447	448	449	450	451	452	453	454	455	456	457	458	459	460	461	462	463	464	465	466	467	468	469	470	471	472	473	474	475
----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----

LA CORUÑA, MARZO DE 1966
EL INGENIERO